

Pontevedra acollerá un congreso sobre psicoloxía do deporte

PONTEVEDRA / LA VOZ

Pontevedra acollerá a novena edición do Congreso Iberoamericano de Psicoloxía do Deporte, converténdose no epicentro dentro deste eido das ciencias da saúde entre os días 15 e 18 de outubro. O alcalde, Miguel Anxo Fernández Lores, presentou esta cita acompañada de Joaquín Dosil Díaz, profesor da Universidade de Vigo no campus de Pontevedra e presidente da Sociedade Iberoamericana de Psicoloxía do Deporte. Será a primeira vez que esta entidade organiza un dos seus congresos en Galicia.

«É un congreso que se organiza cada dous anos nun país diferente e é unha honra que escollesen Pontevedra para este 2024», explicou o rexedor. «Haberá cinco conferencias plenarias, varios obradoiros, doce simposios diferentes e corenta pósters científicos. Achegaranse até Pontevedra persoas de até doce países diferentes como Portugal, Cuba, Puerto Rico, Perú, Brasil, Paraguai ou Arxentina».

As instalacións da Universidade de Vigo serán as que reciban a chegada de entre 250 e 300 persoas que a organización conta que se inscriban.

Pola súa banda, Dosil agradeceu a colaboración do Concello de Pontevedra e do resto de institucións e empresas colaboradoras no congreso, ao tempo que resaltou o crecemento constante en interese e atención que ven esperando a psicoloxía do deporte ao longo dos últimos anos.